



Concello de Outeiro de Rei

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2023/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Aprobación inicial do orzamento municipal 2023»
Data	8 de setembro de 2023
Duración	Desde as 12:10 ata as 12:55 horas
Lugar	Casa Consistorial
Presidida por	JOSÉ PARDO LOMBAO
Secretario	Cristina Castro Fuentes

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33329791P	Elvira Lombao Vila	SÍ
33331257W	FERMÍN LÓPEZ GONZÁLEZ	SÍ
33817919F	JOSÉ PARDO LOMBAO	SÍ
33834799M	Jesús Fernández García	SÍ
34222169D	José Yebra Amorín	SÍ
33323696P	LUIS ALFONSO TRIGO FERNÁNDEZ	SÍ
47373684D	MIGUEL VIEITO VILLAR	NON
36071720S	Maria del Carmen Acacio Lopez	SÍ
33321284B	María Begoña Seco Varela	SÍ





Concello de Outeiro de Rei

33329706S	María José Martínez Vigo	SÍ
33327776V	Pilar Méndez Lombao	SÍ
33544829L	Tania Díaz Seijas	SÍ
33307083R	Xosé Ferreiro Fernández	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Os membros do Pleno da Corporación aproban, por unanimidade, a cata da sesión do 22 de xuño de 2023

Expediente 724/2023. Elaboración e Aprobación do Orzamento

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Cópiase a proposta de alcaldía:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Formado o Orzamento Xeral do concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercicio económico 2023 así como, as súas Bases de Execución e o Cadro de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto o informe do orzamento 2023 da interventora municipal.

Visto o informe de intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto.

Visto o anterior, propón ó pleno a adopción do seguinte acordo, previo ditamen da Comisión de Asuntos do Pleno.

PRIMEIRO: *Aprobar o límite de gasto non financeiro, regulado no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financiera, para o exercicio 2023 do*





Concello de Outeiro de Rei

orçamento do concello de Outeiro de Rei, na contía de 3.486.365,65 €.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o orçamento xeral do concello de Outeiro de Rei, para o exercicio económico 2023, xunto coas súas bases de execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ORZAMENTO GASTOS

<i>Clasificación económica - Resumen general</i>			
A.- OPERACIONES CORRIENTES			
<i>Cap.</i>	<i>Descripción</i>	<i>Consignación</i>	<i>(%)</i>
1	GASTOS DE PERSONAL	1.783.388,02	19,95
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	3.148.563,28	35,21
3	GASTOS FINANCIEROS	86.000,00	0,96
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	247.609,00	2,77
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	0,00	0,00
	Total operaciones Corrientes	5.265.560,30	58,89

<i>Clasificación económica - Resumen general</i>			
B.- OPERACIONES DE CAPITAL			
<i>Cap.</i>	<i>Descripción</i>	<i>Consignación</i>	<i>(%)</i>
6	INVERSIONES REALES	3.660.259,96	40,94
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	15.570,00	0,17
	Total operaciones de Capital	3.675.829,96	41,11

	Total Presupuesto	8.941.390,26	
--	--------------------------	---------------------	--

ORZAMENTO INGRESOS

<i>Clasificación económica - Resumen general</i>			
A.- OPERACIONES CORRIENTES			
<i>Cap.</i>	<i>Descripción</i>	<i>Consignación</i>	<i>(%)</i>
1	IMPUESTOS DIRECTOS	1.414.000,00	15,81
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	200.000,00	2,24
3	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	2.709.058,54	30,30
4	TRANSFERENCIA CORRIENTES	2.942.380,28	32,91
5	INGRESOS PATRIMONIALES	0,00	0,00
	Total operaciones Corrientes	7.265.438,82	81,26





Concello de Outeiro de Rei

<i>Clasificación económica - Resumen general</i>			
B.- OPERACIONES DE CAPITAL			
Cap.	Descripción	Consignación	(%)
6	ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	0,00	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.345.364,69	15,05
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	330.586,75	3,70
	Total operaciones de Capital	1.675.951,44	18,74
	Total Presupuesto	8.941.390,26	

TERCEIRO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

CUARTO. Aprobar a masa salarial do persoal laboral, que ascende a 827.502,80 euros.

QUINTO: Anular as transferencias de crédito efectuadas ao orzamento prorrogado de 2023, así como as xeracións de crédito correspondentes a proxectos de gasto incluídos nos créditos iniciais do orzamento 2023.

SEXTO. Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2023, as bases de execución e anexo de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

SÉTIMO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

OITAVO. Remitir copia á Administración do Estado.

Explica o sr. Alcalde que se trata do expediente do orzamento municipal e leva toda a documentación obrigatoria como a memoria de alcaldía, etc, e van equilibrados os gastos e os ingresos. Que é un orzamento que dedica o 19% a personal, o 35% a gastos correntes, o 2,7% a transferencias correntes, o 40,9€ a inversións reais, 0 euros a transferencias de capital, e un 0,17% euros en activos financeiros. Un total de 8.941.390,26€ en ingresos e en gastos.

Di o Sr. Alcalde que hai un incremento importante dos orzamentos e das inversións e todo isto





Concello de Outeiro de Rei

con impostos e taxas conxeladas en 2023.

Di que si fan os orzamentos a principios de ano, supón que descoñecen as transferencias correntes e as de capital.

Di o sr. Alcalde que o servizo de Intervención está a media xornada e iso está xenerando a día de hoxe moios problemas polo aumentode traballo dos últimos anos.

Intervén o voceiro nacionalista Xosé Ferreiro e di que a estas alturas non ten moito sentido debater sobre o orzamento.

Di que o orzamento ten que estar presentado a 15de outtubro e aprobado a 1 de xaneiro. Di o concelleiro Xosé Ferreiro que é un claro exemplo d incompetençcia política.

Continúa o sr. Ferreiro e di que os orzamentos son engañosos. Que están inflados e non contemplan cuestión importantes.

Di que o redor de 330.000 en 2023 vanse destinar a pagar facturas e que non se contempla o importe de 1.200.000€ de débeda a ASOGAL pola urbanización de Triaqcuca.

Destaca o concelleiro nacionalista a falta de investimento real co problema da auga e o problema de que non veñen empresas a Outeiro de Rei.

Di o concelleiro Xosé Ferreiro que nada se contempla respecto á debeda que xa alcanza algo mais de 2000.000€. Anuncia o voto do seu grupo en contra.

Intervén a concelleira Carmen Acacio, do grupo municipal socialista di que está dacordo co BNG en todos os seus argumentos. Di que este orzamento tiña que estar aprobado a finais do ano anterior. Di a concelleira que os veciños da Palloza a este paso poderán ter as solucións aos seus problemas urbanísticos nos anos 2060 ou 2070.

Intervén a sr. Pardo e di que pasan os anos e as intervencións dos grupos políticos son sempre iguais. Di que quen escoite as intervencións de fora do concello non creará o que pasa aquí ne realidade.

Di o sr. Alcalde que o polígono é moi grande e así se fixo para que poidan seguir instalándose empresas. Di o alcalde que ten ocupado mais do dobre de solo que todos os concellos da contorna agás Lugo.

Di o sr. Alcalde que os gobernos socialistas afundiron varias empresas. Que no parque empresarial non está so un tanatorio, pois faipouco acabade abrir unha empresa. Respecto a lo de que xa é tardepara debater, dille o alcalde que él verá, porque parécelle tarde para debater sobre o orzamento e nin respecto de moitos outros asuntos que lles interesan e ocorriron hai moito mas tempo.

Di o sr. Alcalde que o Estadoe a Xunta teñen os seus propios orzamentos, que non dependen de diñeiro de outras entidades, e por iso nada ten que ver, xa que no ámbito local unha parte





Concello de Outeiro de Rei

importantísima do orzamento é financiado por outras Administracións Públicas.

Di o sr. Alcalde que existe efectivamente unha débeda pero tamén é certo que o Estado non lle axuda en absolutamente nada ao Concello de Outeiro de Rei.

Di o sr. Alcalde que no parque empresarial estanse facendo continuamente iras, eirarrúas, mantemento des estradas...

Lembra que o Concello de Outeiro de Rei é Doing Business iso supón rebaixas de impostos.

Lameta que a oposición so se dedique a criticar, igual que critica a rede de auga, pero opina que o certo é que esta chega a todo o concello, ó mesmo que a fibra óptica e iso no rural supón axudar a asentar poboación. Entende o sr. Alcalde que iso é igualdade e non o que predica o PSOE ou o BNG que lle van a perdoar 70.000€ a Cataluña e non ao resto das CCAA.

Sométese a votación a proposta de aprobación inicial do Orzamento municipal do Concello de Outeiro de Rei con todos os puntos contemplados na mesma e resulta aprobada por 9 votos a favor do grupo municipal do PP, 2 en contra do grupo municipal do BNG e 1 abstención do PSOE

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

